

Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESURES

Persoal, oposicións

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA LEI 20/2021

ASUNTO: PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL CONFORME Á LEI 20/2021. APROBACIÓN DE BASES XERAIS E ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA

ANUNCIO

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO DO CONCELLO DE PONTECESURES.

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de decembro de 2022 (núm. 2022-0747), aprobáronse as “Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal, do Concello de Pontecesures, co seguinte tenor literal:

BASES XERAIS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE PONTECESURES CORRESPONDENTE A PRAZAS ESTRUTURAIS INCURSAS NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 2ª e 6ª DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto regular os procesos selectivos das prazas vacantes no cadro de persoal do Concello de Pontecesures, relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal, segundo a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Pontecesures para o ano 2022 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 97, do 23/05/2022), de conformidade co previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en base ás disposicións adicionais 6ª e 8ª.

Trátase de prazas de carácter estrutural que están vacantes e dotadas orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria e cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados no artigo 2 e nas Disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro. De igual maneira, os procedementos selectivos se determinan de acordo co sinalado no propio artigo 2 e na propia Disposición adicional 6ª.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

As especialidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán para rexer cada convocatoria.

SEGUNDA.-NORMATIVA DE APLICACIÓN

O procedemento de selección rexeráse polas prescricións contidas nestas bases xerais e nas bases das convocatorias específicas e, polo disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade co establecido na disposición adicional primeira da LMURTEP, non serán de aplicación aos procesos de estabilización previstos no artigo 2 da dita Lei, os artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe de axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Será igualmente de aplicación, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Asemade serán de aplicación os Criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización no emprego público local en Galicia, asinados pola FEGAMP e as representacións sindicais.

TERCEIRA.-PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA

As presentes bases así como as bases específicas de cada convocatoria serán publicadas integramente no BOPPO, na sede electrónica e na páxina web do concello e o extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTA.-NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS CONVOCADAS

A Alcaldía ditou a Resolución núm.: 2022-0276, con data de 18.05.2022, pola que aprobou a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Pontecesures, publicada no BOPPO nº 97 de 23.05.2022, segundo o previsto no artigo 2 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola que se ofertan ás seguintes prazas:



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

DENOMINACIÓN	CATEGORÍA	N.º DE PRAZAS	SITUACIÓN LABORAL	CONCURSO (DA 6ª E 8ª LEI 20/2021)
ARQUITECTO/A*	A1/I	1	V	1
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	A2/II	1	V	1
INFORMADOR XUVENIL*	A2/II	1	V	1
ENCARGADO/A	IV	1	V	1
MONITOR/A DEPORTIVA	IV	2	V	2
AUXILIAR POLICÍA LOCAL	IV	2	V	2
LIMPIADOR/A*	V	4	V	4
VARREDOR/A	V	2	V	2
AUXILIAR AXUDA FOGAR*	IV/V	2	V	2
PROFESOR/A ADULTOS*	II	1	V	1
OPERARIO/A FUNCIONS VARIAS-CONSERXE	V	1	V	1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A*	C2/IV	1	V	1
TRABALLADOR/A SOCIAL	A2/II	1	V	1

*Postos a xornada parcial

QUINTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Con carácter xeral, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para seren admitidas nos procesos selectivos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso en cada unha das prazas:



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

a) Ser español/a. As persoas nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que a cidadanía española aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas de acordo co que, para cada caso, se faga constar nas bases específicas. Os/as citados/as estranxeiros/as así como os que conten con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que a cidadanía española.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título académico esixido nas bases específicas ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, a persoa aspirante terá que estar en posesión da credencial ou validación que acredite a homologación xunto coa tradución ao castelán ou galego, no seu caso.

d) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspira.

e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Se realiza algunha actividade privada, incluída a de carácter profesional, terao que declarar no prazo de dez días naturais contados a partir do día de inicio do nomeamento como persoal funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo para que a corporación acorde a declaración de compatibilidade ou incompatibilidade.

g) Non ser condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores así como por trata de seres humanos (soamente nos casos de acceso a postos que impliquen contacto habitual con menores).

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral fixo do concello, no seu caso.

SEXTA- SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, mediante extracto, no Boletín Oficial do Estado (BOE) e previa a publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no BOPPO, na sede electrónica e na páxina web do concello e o extracto no DOG.

1) As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do Concello de Pontecesures (www.pontecesures.org) e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono/s de contacto, correo electrónico e praza para que opta.

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na convocatoria, na data na que remate o prazo de presentación de instancias e que acepta e acata as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.

2) A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Pontecesures (<https://pontecesures.sedelectronica.org>) ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos entregaranse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal de Correos antes de seren certificadas. No caso de non presentar a instancia no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Pontecesures, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: concello@pontecesures.org, e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

No caso de que se presente a instancia a través da sede electrónica, por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, a documentación adxunta á solicitude deberá subirse nun único documento ou de ser tecnicamente inviable, debe realizarse no menor número de follas posibles ou nun arquivo comprimido. Todos os documentos deberán ter un título que facilite a súa identificación.

3) Por razóns de eficiencia e axilidade na tramitación do procedemento, a documentación só se compulsará ás persoas que sexan propostas polo órgano de selección para o nomeamento, as cales deberán achegar a documentación orixinal no intre en que llo solicite o concello.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

4) As solicitudes subscritas pola cidadanía española no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ao organismo competente.

5) As persoas aspirantes quedan vencelladas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Coa instancia, as persoas aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso da cidadanía comunitaria.

- Orixinal ou fotocopia dos documentos requiridos nas bases xerais e específicas, no seu caso.

- Fotocopia da titulación esixida nas bases específicas en cada procedemento. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro achegarse a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.

- Índice e copia da documentación achegada para a valoración dos méritos.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Tras finalizar o prazo para presentar as solicitudes, a Alcaldía ou órgano no que delegue ditará, no prazo máximo dun mes, unha resolución, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web (www.pontecesures.org), e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOPPO, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluínste. Estas emendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin da presentación da solicitude fora de prazo.

As persoas aspirantes que no prazo sinalado non subsanasen o defecto que motivou a súa exclusión ou non presentasen reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva así como a composición dos órganos de selección e a data e mais a hora na que deberá constituírse cada órgano de selección así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo que se publicará no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web (www.pontecesures.org) e no taboleiro de anuncios do concello, polo menos, con 10 días hábiles de antelación.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

OITAVA.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Os membros dos órganos de selección dos distintos procesos selectivos convocados serán designados/as pola Alcaldía segundo o disposto nos artigos 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 60, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (EBEP).

Non poderán formar parte, dos órganos de selección, persoal de elección ou designación política, altos cargos, persoal eventual, funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

Vogal: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos órganos de selección as persoas de elección ou designación política nin os funcionarios interinos e o persoal eventual. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

O órgano de selección poderá acordar a asistencia das persoas asesoras especialistas que considere oportunas para todas ou algunha das probas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Le 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O órgano de selección deberá constituírse na data na que se designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do órgano de selección, titulares ou suplentes.

Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do órgano de selección.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión

A partir da sesión constitutiva, o órgano de selección requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Se o órgano de selección se constituíse cun/ha suplente, isto non implica que a persoa titular non poida incorporarse a este con posterioridade. O órgano de selección axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria. Non obstante, o órgano de selección resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia. As decisións que adopte vinculan á Administración sen prexuízo de que esta poida proceder a súa revisión segundo o establecido no artigo 106 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e restante normativa de aplicación.

O órgano de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con diversidade funcional gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que o resto das persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

A fin de procurar a necesaria protección nos casos de embarazo e se algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo por mor de embarazo de risco ou parto, debidamente acreditado, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que quedasen aprazadas, no seu caso, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo órgano de selección correspondente e, en todo caso, a realización destas terá lugar antes da publicación da lista das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, será de aplicación, de acordo co previsto no seu articulado, procedendo abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establecendo que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizadas pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto.

Os dereitos económicos das persoas asesoras especialistas rexeranse tamén polo antedito Real Decreto.

As asistencias devengarase por cada sesión realizada con independencia de que se demore mais dun día e, no caso de que nun mesmo día se realice mais dunha sesión, devengarase unicamente unha asistencia.

NOVENA- SISTEMA SELECTIVO

Consonte a Disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo corresponda en cada caso, o sistema de selección será o de concurso, que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A puntuación máxima a acadar serán 100 puntos.

Os criterios de valoración son os seguintes:

a)-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Puntuación máxima: 90 puntos.

-Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante (Concello de Pontecesures) en calidade de funcionario interino e/ou persoal temporal: 0,94 puntos por mes completo.

-Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante (Concello de Pontecesures) en calidade de funcionario interino e/ou persoal laboral temporal: 0,22 puntos por mes completo.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

-Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de funcionario interino e/ou persoal temporal: 0,30 puntos por mes completo.

-Servizos prestados no resto do sector público en calidade de funcionario interino e/ou persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.

Non se discriminará entre xornada parcial e completa.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto e a data de inicio e finalización da vinculación e informe de vida laboral actualizado.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignacións de funcións ou de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto, compútanse os servizos como prestados na Administración de orixe. Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

Se o mérito que se alega é ter prestados servizos no Concello de Pontecesures,

bastará con facelo constar na solicitude indicando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o servizo ou unidade en que se prestaron, emitindo se procede certificado da persoa responsable da Secretaría do Concello de Pontecesures, previa comprobación de oficio.

No caso contrario deberase achegar a correspondente certificación dos servizos prestados por parte do/a aspirante.

b) – *MÉRITOS ACADÉMICOS*: Puntuación máxima: 10 puntos.

1. b) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos de formación homologados polas diferentes Administracións Públicas ou outras entidades do sector público ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou nos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas,

Valoraranse os cursos cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral, atención ao cidadán e os de contido ofimático, entre outros.

A acreditación da realización dos cursos realizarase mediante a achega de copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos. Non se valorarán os cursos nos



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

Por grupo e subgrupos de clasificación, valoraranse os curso conforme a seguinte escala:

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo A, subgrupo A1 ou categoría laboral equivalente, outorgarase 0,100 puntos por cada hora de formación.

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo A subgrupo A2, ou categoría laboral equivalente, outorgarase 0,125 puntos por hora de formación.

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo B ou categoría laboral equivalente, outorgarase 0,200 puntos por hora de formación.

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo C, subgrupo C1 ou categoría laboral equivalente, outorgarase 0,333 puntos por hora de formación.

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo C subgrupo C2 ou categoría laboral equivalente, outorgarase 0,500 puntos por hora de formación.

- Nos supostos en que a praza convocada se clasifique no grupo AP ou categoría laboral equivalente, outorgarase 1,000 punto por hora de formación.

Dentro deste apartado non se valorarán os cursos ou formación relacionada co galego que se valora conforme á seguinte escala:

- Coñecemento de lingua galega:

CELGA: Sserán obxecto de valoración os Certificados de Lingua Galega (CELGA) ou acreditacións do coñecemento de lingua galega equivalentes, obtidos e acreditados de conformidade ao previsto na normativa de aplicación e, polo tanto, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega); e a súa valoración realizarase con arranxo ao baremo e puntos indicados a continuación:

- Nos supostos en que as prazas convocadas se clasifiquen nos grupos profesionais A, subgrupos A1 e A2, grupo B ou grupo C, por estar en posesión do CELGA 4 ou superior (ou equivalentes), 1 punto (a computar dentro do máximo total de 10 puntos).

- Nos supostos en que as prazas convocadas se clasifiquen no grupo/subgrupo profesional C2, por estar en posesión do CELGA 3 ou superior (ou equivalentes), 1 punto (a computar dentro do máximo total de 10 puntos).

- Nos supostos en que as prazas convocadas se clasifiquen na AP, por estar en posesión do CELGA 2 ou superior (ou equivalentes), 1 punto (a computar dentro do máximo total de 10 puntos).



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

No caso de que as persoas aspirantes aleguen e acrediten varios CELGAS (ou equivalentes), só se valorará o de maior nivel; e, e todo caso, so serán obxecto de valoración os homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar o nome do curso, o centro que o impartiu, a duración en horas ou créditos e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Non se computarán xornadas, seminarios, congresos ou similares nin os certificados ou diplomas nos que non se especifique o programa formativo e a duración en horas da correspondente acción formativa. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para a persoa aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

Para calcular a antigüidade dos cursos tomarase como referencia o último día do prazo de presentación inicial de instancias.

Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos achegados, orixinando dúbidas para o órgano cualificador, non se terán en conta nin serán valorados nin puntuados. No caso de non acreditar a través das correspondentes certificacións os méritos achegados, non serán valorados na fase de concurso.

2.b) Titulación académica oficial superior á titulación mínima esixida para o acceso e da praza: puntuación máxima 0,10 puntos.

A acreditación da formación recibida, así como das titulacións académicas ou capacitacións profesionais realizarase mediante achega coa solicitude (Anexo I) dos títulos que o acrediten ou co resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Para o caso de ter varias titulacións do mesmo nivel só se contará unha. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo Ministerio ou Consellería competente na materia, como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS

A cualificación dos méritos no concurso e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de edictos do Concello e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.org).



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

No prazo de 5 días hábiles desde a publicación no taboleiro de edictos do Concello das cualificacións e puntuacións obtidas no concurso, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións contra o resultado do concurso.

En ningún caso se terán en conta outros méritos distintos dos alegados inicialmente polos/as aspirantes na súa instancia de participación.

Finalizado o dito prazo, de achegarse reclamacións contra o resultado provisional, o tribunal cualificador resolveraa e determinará as cualificacións definitivas, que se publicarán no taboleiro de edictos do Concello e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.org), sinalando os recursos administrativos ou xudiciais que procedan.

Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante á Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE DESEMPATE

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios:

1º Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

3º Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

4º Antigüidade total acumulada en calquera Administración pública.

5º A de maior idade.

Concluída a a valoración de méritos o Tribunal publicará na sede electrónica do Concello (pontecesures.sedelectronica.org/) a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

Á cualificación obtida polos aspirantes corresponderase coa a puntuación outorgada na fase de concurso, obténdose así a puntuación final en cada proceso selectivo



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

DÉCIMO TERCEIRA.- ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN POLAS PERSOAS ASPIRANTES APROBADAS

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais do Concello os seguintes documentos:

1. Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso/a nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

2. Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo, acreditativo do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma dedúcese que carece de algún dos requisitos sinalados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas as actuacións sen prexuízo da responsabilidade que proceda.

Nese caso, o órgano de selección poderá formular nova proposta de nomeamento a favor da persoa aspirante que, tendo superado a totalidade do proceso selectivo, lle siga na orde de puntuación.

DÉCIMO CUARTA.-CONTRATACIÓN E NOMEAMENTO DO PERSOAL

Tras concluír os procesos selectivos, a proposta do órgano de selección terá carácter vinculante para a Alcaldía, quen nomeará ao persoal aspirante aprobado, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao das prazas convocadas, como persoal laboral fixo do concello, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso,

Os nomeamentos publicaranse no BOPPO, sen prexuízo da formalización do preceptivo nomeamento como persoal laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal.

A adxudicación de postos de traballo ao persoal de novo ingreso efectuarase de acordo cas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

DÉCIMO QUINTA.-INCIDENCIAS

Os órganos de selección de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos/ás aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Os procesos selectivos regulados nas presentes bases axustarase ao establecido nestas bases xerais e as respectivas bases específicas, así como ao disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; e demais disposicións que resulten de aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA. -IMPUGNACIÓN

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta así como das actuacións dos órganos de selección, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria do proceso de selección no BOPPO.

DÉCIMO OITAVA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web cando así o requira a tramitación do procedemento.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral



Xoves, 29 de decembro de 2022

Núm. 248

de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva das presentes bases xerais que rexen a convocatorias. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron. As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: concello@pontecesures.org

Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, R / Jorge Juan, núm.: 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

BASES ESPECÍFICAS ESTABILIZACIÓN PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE PONTECESURES NUNHA PRAZA DE ARQUITECTO, ACCESO LIBRE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

